

PODCAST LITERARIO

Creación dun podcast literario

Que é un podcast literario?

Un podcast literario é un **programa de audio no que se fala sobre literatura**.

Esta é a proposta da materia de Lingua e Literatura Galega na que a partir do libro *Beleza vermella* da Arantza Portabales traballarás a creatividade así como a comprensión e a expresión oral.

Pasos a seguir para a creación do teu podcast

► A primeira misión será a **escrita do guión**. Organízao nas seguintes partes, hache axudar:

• **Introdución**

É a parte que abre o podcast. Aquí deberás **presentarte a ti e ao podcast** e xa logo o **libro** do que vas falar:

- **Título**
- **Autora** e algunhas referencias sobre ela.
- **Editora**
- **Resumo**

• **Corpo**

Aquí é onde vas abordar en profundidade o libro.

Propóñoche incluíres as seguintes seccións:

1. **LECTURA**: escolle un **fragmento** do libro que para ti fose significativo ou que che gustase especialmente para o compartires. Léo de xeito pausado, claro e expresivo.
2. **TÍTULO**: Repara no título do libro e procura unha **explicación** en relación ao tema arredor do que xira para comezares a te mergullar nel. Propón outro alternativo, que non che esqueza argumentar a escolla.

3. LIBRO A FONDO:

- **Formato** en que se presenta
- **Tema(s)** que se abordan.
- **Personaxes** que aparecen.

...

4. CARTA PARA AS LECTORAS E LECTORES DO FUTURO: O que ti sentes e pensas importa. Conta as túas **reflexións** sobre o libro, se che gustou ou non, que che provocou, se conectaches con el, se o recomendarías e a quen...

• **Pече**

Na sección de peche farás a **despedida** do podcast. Aquí podes aproveitar para agradecer a escoita.

Este apartado incluírá amais unha **canción**. A escolla nacerá do que che inspirou o libro. Será o último que soe no teu podcast. Antes de a poñeres indica o título, de quen e porqué a elixiches.

Ten o conta que o texto do guión que escribas está pensado para ser escoitado. Así que, aínda que poidas ler, ensaia posibilidades que axuden a enriquecer a oralidade, a manter a atención e o dinamismo do que contas.

Bo traballo!